

PROGRAMA GALEGO



XXIX  
festa da  
Arribada

DA CARABELA PINTA Á REAL VILA DE BAIONA

28 de Febreiro, 1 e 2 de Marzo · 2025



# Programa de Actividades



## Mércores, 26 de Febreiro

20:00h **Casa da Navegación de Baiona:** Conferencia: “**Martín Alonso Pinzón. Descubridor dun novo Mundo: América**”. Conferenciante: Jesús Varela Marcos.

## Xoves, 27 de Febreiro

20:00h **Casa da Navegación de Baiona:** Presentación do libro: “**25.000 leguas a bordo de la Pinta**”. Autor: Juan José Rodríguez Terrón.

21:30h **Paseo Monteboi (Torre do príncipe):** “**A Ruta das Estrelas**”: obradoiro divulgativo de como Martín Alonso Pinzón, a través do ceo nocturno, logrou orientarse no vasto océano para chegar ao porto de Baiona, a cargo de Juan José Rodríguez Terrón.

## Venres, 28 de Febreiro

10:00h **Os canóns da Fortaleza anuncian o comezo da Festa da Arribada.**  
Asentamento de mercadores e artesáns chegados de tódolos recunchos do Reino.

12:00h **Igrexa Santa María de Baiona:**  
Misa Solemne cantada polo **Coro de Homes Voces Baionesas**.  
Ofrenda de Coroas ante a Cruz de Evanxelización de América.

13:00h **Capitanía Marítima:** Inauguración da mostra etnográfica: “**O carro galego e a súa feitura**”. Colección particular: Anxo Rodríguez Lemos-Cronista Oficial de Baiona.

17:00h **Parque da Palma:** Espectáculo “**Música e danza medieval**” a cargo do grupo Upsala.

18:00h **Salón de Plenos do Concello:** Acto de entrega da distinción Honorífica do nomeamento de **Fillo Adoptivo de Baiona** a **D. Carmelo Romero Hernández**, exalcalde de Palos de la Frontera.

18:30h **Hall do Concello:** Inauguración da Mostra: **50 anos de Irmandamento: Palos de la Frontera - Baiona A Real**.

19:00h **Casa da Navegación de Baiona:**  
Exposición de postais e fotografías antigas. Autor: Manuel Prado.  
Entrega da peza cerámica de Cristóbal García Sarmiento doada ao Concello de Baiona por parte da Real Sociedade Palósfila Pinzoniana.

19:00h **Alameda Carabela Pinta:** Pasarrúas de Música medieval a cargo do grupo Upsala.

20:00h **Atrio Igrexa Santa María de Baiona:** Proxección do videomapping “**Baiona unha viaxe no tempo**” sobre a fachada da igrexa.

21:00/  
21:30h **Praia Ribeira:** Espectáculo máxico de lume e pirotecnia “**Circo de fogo**” de Asacocirco. Malabarismos, danzas e acrobacias transportarán ao público ao misterioso mundo do lume.

21:30h **Praza de Santa Liberata:** Pasarrúas de “**Música medieval**” a cargo do grupo Upsala.

22:15/  
23:00h **Alameda rúa Carabela Pinta:** Pasarrúas batucada “**Lenha Verde**” percorrerá o recinto do mercado cos seus timbaus, dobradas, cortadores, repiques, caixas e fondos.

00:00h **Remate do Real Mercado Medieval.**

# Sábado, 1 de Marzo

- 10:00h Os canóns da Fortaleza anuncian o comezo do Real Mercado.**  
Asentamento de mercadores e artesáns chegados de tódolos recunchos do Reino.
- 11:45h Alameda Carabela Pinta:** Pasarrúas de “**Música Medieval**” a cargo do grupo Upsala.
- 12:00h Praza do Concello:** Recepción de autoridades e convidados. Saída en comitiva acompañados da Banda de Música de Baiona ata o paseo Pinzón.
- Paseo Pinzón (12:20h):**
- Acto conmemorativo do 532 Aniversario da Arribada.
  - Intervención de autoridades.
  - Ofrenda de coroas.
  - Interpretación de Himnos.
- 12:10h Praia Ribeira: Demostración de Tiro con Arco** a cargo do Club Meigarco.
- 12:15h Alameda rúa Carabela Pinta:** Pasarrúas “**Lenda a peregrinación**” lendas e fábulas da mitoloxía Celta con criaturas como o chivo dos montes, a fada, o demo alado, o bobo trasno, o zancudo manciñeiro e o nubeiro asombrarán aos viandantes.
- 12:45h Parque da Palma: Combate de Esgrima Medieval:** Representación teatral de duelos con espadas a cargo da Sala Viguesa de Esgrima Antiga.
- 13:00h Alameda rúa Carabela Pinta: “Troula”** percorrerá o recinto da festa cos seus zancudos, danzando ao ritmo dos seus tambores.
- 13:15h Praia Ribeira: Gran espectáculo de Cetrería Montada** a cargo de Águilas de Valporquero, onde falcóns e falcoeiros mostraranos a arte milenaria da cetrería.
- 13:30h Praza de Santa Liberata:** Pasarrúas de “**Música medieval**” a cargo do grupo Upsala.
- 16:45h Alameda rúa Carabela Pinta:** Pasarrúas de “**Música medieval**” a cargo do grupo Upsala.
- 17:00h  Praia Ribeira: Gran Torneo Medieval:** Xusta, Tiro de venablos e Derruba de estafermo a cargo de Hípica Celta.
- 17:30h Xardíns da Casa da Navegación (entrada pola rúa Conde): Contacontos “As lendas do Conde Breixo”** lenda galega musicalizada con zanfona a través da técnica Kamishibai, configurando un mundo máxico ao ollo do espectador. *En caso de choiva trasladarase á Casa da Navegación.*
- 18:30h Xardíns do Hospital Sancti Spiritus (Biblioteca): Exhibición de Esgrima Antiga e Artes Marciais Históricas Europeas.** Explicación de armamento e clases.
- 18:40h Alameda rúa Carabela Pinta:** Pasarrúas “**Lenda a peregrinación**” lendas e fábulas da mitoloxía Celta con criaturas como o chivo dos montes, a fada, o demo alado, o bobo trasno, o zancudo manciñeiro e o nubeiro asombrarán aos viandantes.
- 19:00h Convento das Nais Dominicás: Concerto de Música Antiga** a cargo do grupo “Trío Cámara” da Unión Musical de Valadares.
- 19:30h Xardíns da Casa da Navegación (entrada pola rúa Conde):** Espectáculo de música, danza e lume a cargo do grupo Upsala.
- 20:00h  Praia Ribeira:** Representación teatral “**Arribada do Descubrimento**”.  
Dramaturxia: Avelino Sierra, Dirección: Mónica Sueiro.  
**Espectáculo pirotécnico.**
- 20:30h Alameda rúa Carabela Pinta: “Troula”** percorrerá o recinto da festa cos seus zancudos, danzando ao ritmo dos seus tambores.
- 20:45h Zona Ribeira-Gastro:** Pasarrúas de “**música medieval**” a cargo de Upsala.
- 21:00h Atrio Igrexa Santa María de Baiona:** Proxección videomapping “**Baiona unha viaxe no tempo**” sobre a fachada da igrexa.
- 22:00/23:00h Alameda rúa Carabela Pinta:** A batucada “**Lenha Verde**” percorrerá o recinto do mercado cos seus timbaus, dobradas, cortadores, repiques, caixas e fondos.
- 00:00h Remate do Real Mercado Medieval.**

## Domingo, 2 de Marzo

- 10:00h Os canóns da Fortaleza anuncian o comezo do Real Mercado.**  
Asentamento de mercadores e artesáns chegados de tódolos recunchos do Reino.
- 11:30h Praia Ribeira: Demostración de Tiro con Arco** a cargo do Club Meigarco.
- 12:00/13:30h Entrada á Fortaleza de Monterreal: Gran Desfile Medieval** coa participación de todos os grupos musicais que actuarán no Real mercado medieval da Arribada 2025.
- 12:20h Praia Ribeira: Combate de Esgrima Medieval:** Representación teatral de duelos con espadas a cargo da Sala Viguesa de Esgrima Antiga.
- 13:00h Parque da Palma: Demostración de Tiro con Arco** a cargo do Club Meigarco.
- 13:10h Convento das Nais Dominicanas: Concerto de música antiga** a cargo do cuarteto “Pres de Cambrai” con instrumentos representados no Pórtico da Gloria do mestre Mateo.
- 13:15h Praia Ribeira: Gran espectáculo de Cetrería Montada** a cargo de Águilas de Valporquero, onde falcóns e falcoeiros mostraranos a arte milenaria da cetrería.
- 16:20h Alameda rúa Carabela Pinta:** Pasarrúas “Músicas medievais” a cargo do grupo Upsala.
- 16:30h  Praia Ribeira: Gran Torneo Medieval:** Xusta, Tiro de venablos e Derruba de estafermo a cargo de Hípica Celta.
- 17:00h Xardíns da Casa da Navegación (entrada pola rúa Conde):** Contacontos “As lendas do Conde Breixo” lenda galega musicalizada con zanfona a través da técnica Kamishibai, configurando un mundo máxico ao ollo do espectador. *En caso de choiva trasladarase á Casa da Navegación.*
- 18:00h Alameda rúa Carabela Pinta:** Pasarrúas “Lenda a peregrinación” lendas e fábulas da mitoloxía Celta con criaturas como o chivo dos montes, a fada, o demo alado, o bobo trasno, o zancudo manciñeiro e o nubeiro asombrarán aos viandantes.
- 18:15h Praza de Santa Liberata:** Pasarrúas “Músicas medievais” a cargo do grupo Upsala.
- 18:30h  Praia Ribeira:** Representación teatral “Arribada do Descubrimento”.  
Dramaturxia: Avelino Sierra, Dirección: Mónica Sueiro.
- 19:00h Alameda rúa Carabela Pinta:** “Troula” percorrerá o recinto da festa cos seus zancudos, danzando ao ritmo dos seus tambores.
- 19:30h Xardíns da Casa da Navegación (entrada pola rúa Conde):** Espectáculo “O lume sagrado” a cargo de Asacocirco.
- 20:00h Atrio Igrexa Santa María de Baiona:** Proxección videomapping “Baiona unha viaxe no tempo” sobre a fachada da igrexa.
- 20:15h Zona do Bo Xantar (Santa Liberata):** Pasarrúas de “Músicas medievais” a cargo do grupo Upsala.
- 21:00h Alameda rúa Carabela Pinta:** Batucada “Lenha Verde” polo recinto da festa como peche á festa da Arribada.
- 22:00h** Remata o Real Mercado e a festa da Arribada.



### Obradoiros de artesáns, gremios de canteiros:

Sábado e Domingo (10:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00h)

**Na Praza do Rexemento (Praza do Concello):** “Obradoiros de artesáns” ferreiros, cesteiros, oleiros, elaboración de zocos, carpinteiros, fiandeiras, elaboración de instrumentos musicais, etc.

**Na Alameda Carabela Pinta (Rúa Carabela A Pinta):** “Os Gremios de canteiros” traballando a pedra e mostrando os seus oficios de outrora.



## Animación nas prazas, rúas, paseos e xardíns:

(Venres, de 16:00 a 20:00 h e Sábado e Domingo de 11:00 h a 14:00 h e de 16:00 a 20:00 h)

### Parque da Palma

- “**Alameda dos Aprendices**” con obradoiros infantís para os máis pequenos: cunha de moedas, olería, tapices de época, escritura gótica, coiro, lacrado, bordados, gravados en madeira e ourivaría.
- “**Ludopuzzle**”: **Mesas de quebracabezas de madeira**. Máis de 30 xogos tradicionais de madeira para traballar o enxeño.
- **MegaAxedrez; axedrez xigante**, coa participación do Club XaBai
- **Castelo Medieval e Barco pirata**; parque de xogos con escalada, piscina de bolas, caza do tesouro, xogos tradicionais, tiro con arco e photocall do rei e da raíña.
- **Parque de Aventuras**: Torre de escalada, Tren Eco Roller, Eco-Carrocel, Eco-Tronco, Eco-Roda, Arbofun VIII+escalada, Tubbing.
- **Atraccións medievais**: Noria ecolóxica, Carrusel medieval, Barca, Baqueta medieval.

## Exhibicións Parque da Palma

(Sábado e Domingo de 11:00 a 14:00 h e de 16:00 a 20:00 h)

- **Contenda de Esgrima Histórica e mostra de Armas e Armaduras** durante todo o día a cargo da Sala Viguesa de Esgrima Antiga. Ver horarios na súa parada para recibir un obradoiro con espadas medievais e renacentistas. (Persoas adultas, nenos e nenas).
- **Demostración de puntería Club Meigarco**: Tiro con Arco: Ver horarios na súa parada para os disparos.
- **Mostra de aves de cetrería**, a cargo de “Águilas de Valporquero”.

## Exposicións, mostras e paradas

(Venres de 16:00 a 20:00 h, Sábado e Domingo de 11:00 a 14:00 h e de 16:00 a 20:00 h)

· **Na Capitanía Marítima (Elduayen, 20)** Mostra etnográfica: “**O carro galego e a súa feita**”. Colección: Anxo Rodríguez Lemos.

· **No Casal do Rexemento (Casa do Concello)** Mostra: “**50 anos de Irmandamento: Palos de la Frontera-Baiona A Real**”

**Nos xardíns do Hospital Sancti Spiritus (Biblioteca)** Maqueta da “**Vila Vella e Monte Boi**” de Jose Da Costa. Recreación da antiga vila Baiona.

**Na Casa da Navegación (Ventura Misa, 17)** “**Casa da Navegación de Baiona**”. Colección Visitable. **Visitas comentadas** ás 12:00 h e ás 18:00h (inscrición previa, entrada gratuíta para todas as persoas que acudan ataviadas de época). **Visitas de Realidade Virtual** (con custo)

**Paseo Alfonso IX (Pantalán García Sarmiento) Museo Réplica Carabela “A Pinta”**  
Venres e Sábado 10:00 a 19:00h Domingo 10:00 a 17:00h. Entrada gratuíta para todas as persoas que acudan ataviadas de época.

**Zona Ribeira** Paradas dos Pobos Irmáns cos produtos típicos. Fresóns de **Palos de la Frontera**, Información turística de **Pornic (Francia)**, Sal e artesanía de **Vila do Bispo (Portugal)**, e Café e azucre de cana de **Rafael Freire-Holguín (Cuba)**

**Ao lado da Oficina de Turismo “Punto Lila”** Sábado de 18:30 a 23:30h Domingo de 17:00 a 22:00h

### Zona Ribeira-Gastro (Paseo Ribeira)

(Venres de 16:00 a 00:00h; Sábado de 10:00 a 00:00h e Domingo de 10:00 a 22:00 h)

Os “**Ñoclos de Pinzón**” de *Rosquillas Cristaleiro*, As “**Tartas de Sarmiento**” e o “**Pan dos Clérigos**” de *Tu Pana Obrador*, “**A Taberna de Pinzón**” coas viandas gourmet da Arribada.







### Zona do Bo Xantar (Praza de Santa Liberata)

Venres e Sábado de 10:00 a 00:00h e Domingo de 10:00 a 22:00h

# Mapa



1. Parque da Palma
2. Paseo Ribeira
3. Praia Ribeira
4. Museo Réplica Carabela Pinta
5. Alameda Carabela Pinta
6. Convento das nais Dominicanas
7. Capitanía Marítima
8. Praza do concello
9. Casa da Navegación
10. Xardíns da Casa da Navegación (R/ Conde)
11. Hospital Sancti Spiritus (Biblioteca)
12. Igrexa de Santa María de Baiona
13. Zona do Bo Xantar. Santa Liberata

-  Punto Lila.  
Sábado de 18:30 a 23:30 h  
Domingo de 17:00 a 22:00 h
-  Punto de información da festa
-  Oficina de Turismo
-   Baños
-  Ambulancias e emerxencias



EXCMO. CONCELLO DE  
**BAIONA**



XUNTA  
DE GALICIA

galicia



Deputación  
Pontevedra

 riasbaixas

 //ABANCA

 aceba  
ENERXÍA E COMERCIO ENERGÉTICO DE BAIONA

BAIONA  REAL  
Centro Comercial Aberto